


Xerardo Quintiá transfórmase en Dosinda Christensen no seu novo libro premiado en Vilalba

Publicamos **OBRA INACABADA DE DOSINDA CHRISTENSEN**, o novo libro de poemas de Xerardo Quintiá que logrou en 2020 o Premio do Certame Literario do Concello de Vilalba na súa edición nº 46.

FICHA TÉCNICA 184 pp . 14 x 22 cms.
ISBN: 978-84-16460-98-4 PVP: 14,90 €



SANTIAGO DE COMPOSTELA, MARZO 2021.- *Obra inacabada de Dosinda Christensen* (Alvarellos Editora, 2021) recibiu, en 2020, o Premio de Poesía do Concello de Vilalba (Lugo) na súa edición número 46. A voz poética que emerxe nestes versos, depurada ata o extremo, é a de Dosinda Christensen. O autor, Xerardo Quintiá crea un heterónimo, unha voz feminina que anula a súa propia voz de autor e será ela a protagonista da obra. Esta voz de Dosinda vai configurando, dende a nada, e a través da palabra, todo un mundo arredor, unha nova realidade construída a través de significantes e significados.

Este poemario conta coa colaboración do artista e tamén poeta Baldo Ramos na ilustración da capa.

Xerardo Quintiá nace en Friol no ano 1970. Poeta, narrador e autor de literatura xuvenil e infantil. En 1984 trasládase a Lugo para realizar estudos de Bacharelato, cidade na que reside dende entón. Está casado, ten un fillo e traballa como axente comercial. Publicou os seus primeiros traballos na sección cultural «Táboa Redonda» de *El Progreso* (1988) e colaborou en revistas como Dorna ou Xistral. Como poeta ten publicado *Ailalalalelo de auga* (2001), *Poesía en Ruta* (2007), premio Fermín Bouza Brey; *FORNELOS & FORNELOS, primeira fundación* (2011), premio Fiz Vergara Vilariño; *FORNELOS & FORNELOS, segunda fundación* (2016), premio Eusebio Lourenzo Baleirón, e *FORNELOS & FORNELOS, terceira fundación* (2019), premio Lueiro Rey.

Para contactar co autor: xerardoquintia@gmail.com

